

Exp: 341

ID: 344



"Reunido na data 12 de decembro de 1997 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a Presidencia do Ilmo. Sr. Delegado da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, D. Rogelio Aramburu Núñez, coa asistencia do Vicepresidente Ilmo. Sr. D. Angel Barrallo Sánchez, Maxistrado da Audiencia Provincial da Coruña, os Vocais, D. Andrés López-Suevos Fernández, Xefe do Servicio de Montes e I.F., D. Alfonso Vázquez-Castro Garma, Letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta, D. Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, D. José Manuel Caramés Franco, representante das Comunidades Veciñais de Montes en Man Común, e do Secretario D. Manuel Puente Araújo, Letrado da citada Delegación, para estudar e resolve-lo

Nº Expte.: 341
Monte: Parte do monte Sieiras
Lugar: Lestón de Baixo
Parroquia: Abelleira
Concello: Muros

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º. Diversos veciños de Lestón de Baixo, parroquia de Abelleira, concello de Muros, solicitaron con data 26/09/1996 deste Xurado, a declaración como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:

Superficie: 13,5 Ha.
Lindeiros:

Procede do monte Sieiras, nº 136 do C.U.P.

NORTE: Desde o piquete nº 3 do deslindamento, no denominado Outeiro da Fisga, seguindo devasa ata o piquete nº 4, co monte Calvos e outros. LESTE: Desde o piquete nº 4 ó 32 seguindo a orde de piquetes, con propiedades de veciños de Lestón. SUR: Desde o piquete nº 32 seguindo unha liña recta ata o 1 no denominado Outeiro da Charca, con máis monte Sieiras. OESTE: Desde o piquete nº 1 ata o 3, seguindo a orde de piquetes, co monte Sestaio e outros.

2º. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión de 09/12/1996, acordou inicia-lo oportuno expediente nomeándose como Instructor do mesmo a D. Juan Ramón Beneyto Bellas, quen aceptou expresamente dito cargo. Procedeuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Muros, oíndose a tódalas persoas, Organismos e Corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Muros, ao Xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 79 de 25/04/1997) e taboleiro de anuncios do Concello.

3º. Os veciños de Lestón de Baixo fundamentan a súa petición perante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común no aproveitamento desde tempos inmemoriais de forma consuetudinaria, en réxime de comunidade e sin asignación de cotas, segundo os usos e costumes, do monte correspondente a dito lugar. Presentan acta de manifestacións ante notario na que declaran tal condición.

Esta petición é informada favorablemente polo acordo do Pleno do Concello de Muros de data 29/08/1996.

4º. Na tramitación das presentes actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, de 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de Procedemento Administrativo e demais disposicións aplicables no caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1º. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer do presente expediente en virtude do disposto nos artgs. 9 e 10 da Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común.

2º. En conformidade co contido do art. 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, de 4 de setembro, os veciños de Lestón de Baixo, parroquia de Abelleira, concello de Muros, son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

3º. Para a súa calificación como veciñal en man común, o monte debe reuni-las seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sin asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con "casa aberta" dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artgs. 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento de 4 de setembro de 1992).

4º. Das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do que se expresa no punto anterior, se deduce que no presente caso nos encontramos cun monte pertencente á Comunidade Veciñal do lugar de Lestón de Baixo, parroquia de Abelleira, no que se cumpren os aludidos requisitos.

Por iso, éste Xurado á vista dos antecedentes e fundamentos de Dereito expostos, nésta data,

ACORDA calificar como Monte Veciñal en Man Común da Comunidade Veciñal do lugar de Lestón de Baixo, parroquia de Abelleira, concello de Muros, o denominado "Parte do monte Sieiras", cos lindeiros, superficie e características que figuran no primeiro antecedente. Asimesmo, acórdase excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Agricultura, Gandería e Montes da Coruña.

Contra a presente Resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo DOUS MESES perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados a partir do momento de recepción da presente, segundo a ata agora vixente Lei de procedemento administrativo.

A Coruña, 12 de decembro de 1997

Vº e Pr.
O PRESIDENTE DO XURADO,

O SECRETARIO DO XURADO,



Asdo. Rogelio Aramburu

Asdo. Manuel Ponte Araujo





DESLINDE TOTAL DEL MONTE
"SIEIRAS"

AYUNTAMIENTO DE MUROS
PARROQUIA DE ABELLEIRA

nº 136 del C. U.P.

ESCALA 1:5.000

SUPERFICIE TOTAL Y PUBLICA 141,50 Has



PIQUETES	COLINDANTES
1-3	Monte Buiño
3-4	Monte Calvo y otros
4-12	Banigno Yurca y otros
12-12	António Sando
13-13	José Guzmán
19-22	Ramón Paiz y otros
22-23	José Mayo y otros
23-23	Melania Mayo y otros
23-26	Pedro Mayo
26-27	Don Miguel Priego
27-28	Manuel Lección
29-24	Elvira Lafo
24-25	Manuel Alamián y otros
25-27	Perfecho Lección
27-28	Francisco Gernadas Vara
28-22	Don Ramón Vera
28-28	Rosa Mayo y otros
28-29	Elvira Lafo
29-27	José Tubio
27-27	Rosa Mayo
27-22	Gafarino Rioademira
27-22	Manuel Mayo Leiz
27-22	Falino Bousas Lección
27-22	Alfredo Mayo
27-22	Don Enrique Tujas y otros
27-22	Antonio Mayo
27-22	Manuel Mayo
27-22	Don José Lafo
27-22	Gumercindo Castro
27-22	Adolfo Figueiras y otros
27-22	Manuela (da Cardal) y otros
27-22	José Lección
27-22	Paula Lafo y otros
27-22	Manuel Mayo
27-22	José Riomayor
27-22	Juan Tujo
27-22	Maria Lección Rey
27-22	Don Josefa Riomayor Lección
27-22	José Lección
27-22	Rodolfo Riomayor
27-22	Don José Lafo
27-22	Severino Vázquez
27-22	Antonio Lafo y Severino Vázquez
27-22	Severino Vázquez
27-22	Manuel Vázquez Blanco
27-22	Severino Vázquez
27-22	Dorinda Vázquez
27-22	Severino Vázquez
27-22	Carretero de Muros a Noja
27-22	José Mayo
27-22	Piñeta Forestal y José Mayo
27-22	José Mayo
27-22	Monte Buiño.

Monte SIEIRAS
Nº 136 del C.U.P.
Término municipal de Muros
Parroquia de Abelleira
ESCALA 1:5.000

Permuta de parcelas en el monte Sieiras

- Parcela del monte Sieiras que pasa a José C. Lección Sando 1,27 Ha
- Parcela de José C. Lección Sando que pasa al monte Sieiras 1,27 Ha